“Os centros de día que xestiona a Xunta de Galicia, a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, están concibidos como equipamentos de carácter supramunicipal para dar servizo a usuarios de varios concellos.

En canto á comarca de Terra de Lemos e a súa contorna, son varios os centros de día existentes que cobren perfectamente a demanda. Falamos dos centros de Pantón, Monforte de Lemos, Pobra de Brollón e Chantada, de feito nalgún deles existen prazas vacantes coma no de Pobra de Brollón ou Pantón, este último limítrofe co concello de Sober.

Actualmente, non existen usuarios do concello de Sober en lista de agarda pendentes de acadar unha praza de centro de día.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 57544
Data envío: 14/10/2019 15:33:03.399

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/10/2019 15:32:56

CSV: BOPGDSPGIBkU7vvdL1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mm

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 47283**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Flora María Miranda Pena, sobre **“as previsións do Sergas respecto da atención das demandas profesionais e laborais do persoal dos puntos de atención continuada”**, (publicada no BOPG número 444 do 13 de marzo de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada polas **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo Galego de Saúde (Sergas), as organizacións sindicais CIG, CESM, O’Mega, CC.OO., UGT e CSIF, e os representantes do comité de folga asinaron o 17 de xullo de 2019 un acordo polo que se procede a desconvocar a folga nos puntos de atención continuada (PAC)”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 57495
Data envío: 11/10/2019 14:29:09.060

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2019 14:29:01

CSV: BOPGDSPGIBkU7vvdL1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 57207
Data envío: 08/10/2019 19:08:26.239
Data 08/10/2019 19:08

RS/ml

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 49288**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “ **avaliación e as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa actual situación demográfica da provincia de Ourense, así como o seu desenvolvemento industrial e económico**”, (publicada no BOPG número 470, do 30 de abril de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia é plenamente consciente da situación de devalo demográfico na que está Galicia e precisamente por iso a vén asumindo como unha das súas tarefas fundamentais de goberno.

A xestión do reto demográfico cunha visión sistémica e integral é a filosofía que impregna o Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2015-2020, principal documento de planificación do goberno autonómico, onde se institúe a recuperación demográfica como un principio transversal a todos os seus eixes de actuación.

Así, no ano 2015 púxose en marcha o Programa de Apoio á Natalidade (PAN), un programa global que se estrutura en tres áreas (axudas, conciliación e servizos) e que está pensado para avanzar no obxectivo de crear en Galicia un ambiente social favorable para vivir, para formar unha familia e para que cada quen poida ter os fillos e fillas que desexe.



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 57207
Data envío: 08/10/2019 19:08:26.239

Tamén se avanzou na consolidación da rede de recursos de conciliación, lográndose por primeira vez en 2016 que todas as persoas demandantes de praza en escolas infantís 0-3 a obtiveran.

Estamos a dotar os concellos de menos de 5.000 habitantes de recursos de conciliación a través do programa de Casas Niño, unha estratexia que permite frear o declive demográfico no rural de Galicia e fixar poboación ao territorio. Hoxe Galicia conta con 61 casas niño, das que 32 están na provincia de Ourense.

Por outra banda, aprobamos a “Estratexia galega de envellecemento activo desde a innovación 2016-2020”, orientada a garantir o benestar e a calidade de vida das persoas a medida que envellecen favorecendo un envellecemento activo e saudable e a vida autónoma. Tamén recentemente, o “Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021”, un firme compromiso coa sociedade galega a prol da igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes a través do reparto equitativo dos traballos e as responsabilidades no ámbito privado e da promoción de máis e mellores medidas e servizos que apoien as familias na atención a menores, a persoas en situación de dependencia e do fomento de novas formas de organización do traballo, de novas modalidades de xestión dos recursos humanos e de novas condicións laborais nas administracións e nas empresas.

Tentamos favorecer a volta a Galicia dos galegos e galegas que emigraron e a dos seus descendentes a través da “Estratexia Retorna 2020”, onde se recolle unha batería de medidas dirixidas a que sintan a súa terra como o lugar onde desenvolver a súa traxectoria persoal e profesional e deseñamos un Plan de fixación de poboación



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 57207
Data envío: 08/10/2019 19:08:26.239

no medio rural, dirixido a impulsar o desenvolvemento equilibrado das economías e comunidades rurais mediante un apoio ás actividades socioeconómicas que permita a creación e conservación do emprego.

Tamén puxemos en marcha o Observatorio Galego de Dinamización Demográfica, un órgano no que participan as diferentes administracións, axentes sociais e económicos, as tres universidades de Galicia e todos os grupos con representación no Parlamento autonómico. Neste momento o Observatorio está a realizar un diagnóstico da situación demográfica e para poñer enriba da mesa propostas de futuro consensuadas. É dicir, con vocación de perdurar no tempo para que sexan realmente efectivas. Aspectos como a conciliación da vida laboral e familiar, a corresponsabilidade, a necesidade de racionalizar os horarios de traballo ou medidas para a revitalización dos núcleos rurais son algúns aspectos que se abordan neste órgano de participación, consultivo e colexiado.

As medidas levadas a cabo pola Xunta de Galicia están acompañadas de accións a nivel nacional e supranacional, a abordaxe dos desafíos demográficos precisa de novas ferramentas que residen no plano operativo en mans do Estado e mesmo da Unión Europea en tanto que desenvolven as súas competencias en Galicia.

A acción máis recente na que estamos a traballar e que reflicte a importancia da cuestión demográfica para a Xunta de Galicia co propósito de converter este reto nunha oportunidade de futuro, é o acordo de tramitación da Lei de impulso demográfico de Galicia, unha norma pioneira no contexto español e europeo, xa que é a primeira vez que un goberno eleva a rango de lei a xestión do cambio demográfico.



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 57207
Data envío: 08/10/2019 19:08:26.239

O contido da norma baséase na diagnose e na análise DAFO-CAME recollidas no “Informe Galicia: Perspectivas demográficas”, elaboradas no seo do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica e aprobadas por unanimidade do seu pleno.

Responde a unha proposta integral e transversal que ten como finalidade a creación de contornos favorables para que as galegas e galegos poidan levar a cabo o seu proxecto vital e familiar en Galicia e para que outras persoas consideren Galicia un lugar atractivo para establecerse.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 57207
Data envío: 08/10/2019 19:08:26.239

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/10/2019 19:08:23

CSV: BOPGDSPGIBkU7vvdL1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RS/mm

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 49304**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres, sobre **“as previsións do Goberno galego para a dotación de novas residencias de persoas maiores en Pontevedra, o prazo estimado para corrixir as deficiencias que presenta o centro de Campolongo e as negociacións levadas a cabo cos propietarios do antigo asilo para a súa posible reconversión nun centro dese tipo, así como as razóns da demora na dotación dunha nova residencia nese concello”**, (publicada no BOPG número 470 do 30 de abril de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Os 7 novos centros residenciais para persoas con dependencia que se van a construír, suporán un total de 900 novas prazas residenciais na nosa comunidade autónoma: 150 en Vigo e A Coruña, e 120 en Ourense, Lugo, Santiago, Pontevedra e Ferrol.

Deste xeito o plan ‘Como na casa’ constitúe a resposta da Xunta de Galicia para garantir o avance efectivo na ampliación da cobertura asistencial á poboación galega que se encontra en situación de dependencia.

Así, aumentarase a oferta asistencial pública precisamente naqueles lugares nos que se concentra a demanda de prazas, facilitando así que as persoas maiores en situación de dependencia permanezan cerca dos seus fogares e da súa contorna. Unha destas cidades, é a de Pontevedra.

En canto á nova residencia de Pontevedra, unha vez facilitada polo Concello a listaxe de parcelas para a súa ubicación, dende a Consellería procedeuse á súa avaliación. A Xunta expresou a súa preferencia pola chamada Unidade 18, entre as rúas Joaquín Costa e 12 de Novembro, e mais pola parcela da Parda, que foi a acordada finalmente tralas conversas coa Administración local.

Prevese iniciar a construción destas novas residencias durante o primeiro trimestre de 2020, e un prazo de execución previsto de 18 meses, polo que non existe un retraso no caso concreto de Pontevedra.



A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social, está a desenvolver un plan de obras que afecta case á totalidade dos seus centros residenciais, cun orzamento estimado de máis de 6 millóns de euros en cada unha das anualidades de 2019 e 2020.

Dentro deste plan está previsto acometer unha reforma en profundidade da Residencia de Maiores de Campolongo, o que suporá unha mellora importante nas súas instalacións.

No que se refire ás negociacións que levou a cabo a Xunta coa propiedade do edificio, éste último manifestou que non está interesada na venda do inmovible”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 57272
Data envío: 09/10/2019 16:11:56.100

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/10/2019 16:11:52

CSV: BOPGDSPGIBkU7vvdL1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 57541
Data envío: 14/10/2019 15:32:165
Data 14/10/2019 15:32

RS/ml

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 49563**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez, dona María Luisa Pierres López e don Julio Torrado Quintela sobre **“a valoración do Goberno galego referida ao funcionamento e actual localización do punto de encontro familiar de Ourense, as inspeccións realizadas e os seus resultados, así como a recepción dalgunha queixa ao respecto”**, (publicada no BOPG número 474, do 7 de maio de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“En relación co PEF de Ourense, o local no que esta ubicado cumpre os requisitos establecidos na normativa e é, ao igual que o resto de locais dos 6 puntos de encontro familiar da Comunidade Autónoma, un local público con todas as facilidades para realizar os intercambios e encontros coa seguridade e discreción que require o tipo de actividade que desenvolve.

Respecto do persoal, o equipo técnico dos PEF é multidisciplinar. O artigo 16 do Decreto 96/2014 establece que estará composto, como mínimo, por tres profesionais de dúas titulacións diferentes entre as seguintes disciplinas: psicoloxía, pedagogía, psicopedagogía, dereito, traballo social ou educación social, con experiencia ou formación acreditada en igualdade e na atención, intervención e orientación de menores e familias.

Todos os puntos de encontro contan co persoal esixido polo referido decreto, e no caso de Ourense, o equipo técnico esta formado por 3 profesionais que se coordinan permanentemente co resto dos servizos relacionados coa súa actividade. Entre estes servizos ou recursos específicos, atoparíanse tanto os relativos á protección contra a violencia de xénero, como os Xulgados, programas de intervención familiar, servizos sociais comunitarios, Concellos e calquera entidade que realice actuacións nesta materia.

Este punto de encontro conta cun horario de apertura bastante amplo que garante a satisfactoria prestación do servizo e que comprende as seguintes franxas horarias:



Xacobeo 2021

Páxina 1 de 2

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
14/10/2019 15:32:12

181573

CSV: BOPGDSPGIBkU7vvdL1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 57541
Data envío: 14/10/2019 15:32:32.165

Horario:

Mércores: de 10:00 horas a 14:00 horas – de 16:00 horas a 20:00 horas

Xoves: de 10:00 horas a 14:00 horas – de 16:00 horas a 20:00 horas

Venres: de 10:00 horas a 14:00 horas – de 16:00 horas a 20:00 horas

Sábado: de 10:00 horas a 14:00 horas – de 16:00 horas a 20:00 horas

Domingo: de 10:00 horas a 14:00 horas – de 16:00 horas a 20:00 horas

Desde os Puntos de Encontro Familiar, abórdanse de maneira específica as intervencións de mulleres vítimas de violencia de xénero e os seus fillos e fillas.

No PEF de Ourense, como nos outros seis, cóntase cun protocolo en relación ao réxime de visitas establecido xudicialmente, no que as nais acoden ás entregas e recollidas ás horas estipuladas, sendo que o proxenitor se atopa no centro quince minutos antes, e márchase quince minutos despois, para que non se produza un encontro entre as partes.

Sobre a auditoría sobre os PEF, cómpre sinalar que estes centros entran dentro dos recursos a analizar pola función inspectora da Xunta de Galicia, de forma que a Inspección de Servizos Sociais realiza o seu labor sobre cada un dos PEF remitindo informes ao respecto á DX de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica. Hai estipuladas inspeccións ordinarias (mínimo unha ao ano), máis todas aquelas extraordinarias no caso de rexistrarse algún tipo de queixa.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 57541
Data envío: 14/10/2019 15:32:32.165

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/10/2019 15:32:12

CSV: BOPGDSPGIBkU7vvdL1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RS/mm

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 49620**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Quinteiro Araújo e don Marcos Cal Ogando, sobre **“as xestións levadas a cabo e as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coas denuncias referidas á localización e xestión do Punto de Encontro Familiar de Ourense”**, (publicada no BOPG número 477 do 15 de maio de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“En relación co PEF de Ourense, o local no que esta ubicado cumpre os requisitos establecidos na normativa e é, ao igual que o resto de locais dos 6 puntos de encontro familiar da Comunidade Autónoma, un local público con todas as facilidades para realizar os intercambios e encontros coa seguridade e discreción que require o tipo de actividade que desenvolve.

Sobre a auditoría do PEF de Ourense, cómpre sinalar que estes centros entran dentro dos recursos a analizar pola función inspectora da Xunta de Galicia, de forma que a Inspección de Servizos Sociais realiza o seu labor sobre cada un dos PEF remitindo informes ao respecto á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica. Hai estipuladas inspeccións ordinarias (mínimo unha ao ano), máis todas aquelas extraordinarias no caso de rexistrarse algún tipo de queixa.

Respecto do persoal, o equipo técnico dos PEF é multidisciplinar. O artigo 16 do Decreto 96/2014 establece que estará composto, como mínimo, por tres profesionais de dúas titulacións diferentes entre as seguintes disciplinas: psicoloxía, pedagogía, psicopedagogía, dereito, traballo social ou educación social, con experiencia ou formación acreditada en igualdade e na atención, intervención e orientación de menores e familias.

Todos os puntos de encontro contan co persoal esixido polo referido decreto, e no caso de Ourense, o equipo técnico esta formado por 3 profesionais que se coordinan permanentemente co resto dos servizos relacionados coa súa actividade. Entre estes servizos ou recursos específicos, atoparíanse tanto os relativos á protección contra a violencia de xénero, como os Xulgados, programas de intervención familiar, servizos sociais comunitarios, Concellos e calquera entidade que realice actuacións nesta materia.



Desde os Puntos de Encontro Familiar, abórdanse de maneira específica as intervencións de mulleres vítimas de violencia de xénero e os seus fillos e fillas.

No PEF de Ourense, como nos outros seis, cóntase cun protocolo en relación ao réxime de visitas establecido xudicialmente, no que as nais acoden ás entregas e recollidas ás horas estipuladas, sendo que o proxenitor se atopa no centro quince minutos antes, e márchase quince minutos despois, para que non se produza un encontro entre as partes.

Na actualidade estase analizando o incremento do número de PEF, coa finalidade de dar unha cobertura máis ampla a toda a poboación, atendendo ás características de dispersión e núcleos rurais de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 57537
Data envío: 14/10/2019 15:31:37.930

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/10/2019 15:31:31

CSV: BOPGDSPGIBkU7vvdL1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RS/mm

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 49630**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Flora María Miranda Pena, sobre **“as actuacións previstas pola Consellería de Sanidade, e en particular o Sergas, en relación co compromiso, dedicación, tempo e voluntariedade das súas profesionais na mellora continua da calidade asistencial, formación e coñecemento a través da súa participación en comisións específicas”**, (publicada no BOPG número 477 do 15 de maio de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada polas **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Plan anual de formación, as súas actividades formativas, os criterios de selección do alumnado, as localidades, datas e horarios son aprobados anualmente polo Consello de Formación Continuada do Servizo Galego de Saúde (Comisión paritaria composta por membros da Administración e polas organizacións sindicais CIG, CSIF, CCOO e UGT).

Os cursos realízanse, na maioría dos casos, en horario de tarde.

Desde ACIS lévanse a cabo diferentes medidas para facilitar o acceso á formación como son:

- Achegar as actividades formativas aos profesionais coa súa descentralización e realizando o 100% dos cursos do Plan AFEDAP en todos os hospitais do Servizo Galego de Saúde.
- Aumentar a teleformación. Nos últimos catro anos os cursos de teleformación pasan do 12% ao 41%.
- Apertura en xuño de 2019 dun Plan de autoformación. Actividades formativas dispoñibles os 365 días do ano e as 24 horas.
- Programa REDCASA. Un proxecto que combina innovación formativa, organizativa e tecnolóxica, integrando o adestramento dos profesionais en recoñecemento precoz do risco de parada cardiorrespiratoria dentro da súa xornada laboral e no seu lugar de traballo. No ano 2018 formouse ao 30% do persoal de medicina e enfermería de atención primaria. No ano 2019 chegaremos a outro 40% e no ano 2020 estarán formados o 100%”.



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 57494
Data envío: 11/10/2019 14:28:57.310

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2019 14:28:50

CSV: BOPGDSPGIBkU7vvdL1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 49775**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da queixa dunha familia referida ao procedemento de adxudicación de prazas na Escola Infantil de Rois para o curso 2017-2018, así como a necesidade de modificar os criterios no que atinxe aos requirimentos de empadramento para o acceso a ese tipo de escolas”**, (publicada no BOPG número 477 do 15 de maio de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O procedemento de matrícula para o curso 2017-2018 levouse a cabo seguindo estritamente o establecido no Regulamento de Réxime Interno das escolas infantís que xestiona o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, así como a resolución de 22 de febreiro de 2017 pola que se convoca o procedemento de adxudicación de prazas para ese curso nas escolas dependentes deste ente.

Un dos criterios de prioridade para a obtención de praza é estar empadroado no municipio onde se atopa a escola infantil, requisito que cumpría a familia que foi admitida e matriculada na Galiña Azul de Rois para o curso 2017-2018. A posterior resolución do concello de Dodro dando de baixa no padrón de habitantes a esta familia non tiña efectos retroactivos, e por tanto non podía invalidar a matrícula formalizada no seu momento.

Para o seguinte curso, o Regulamento establece que as crianzas matriculadas na escola antes do 31 de xaneiro gozan de preferencia para a adxudicación de prazas nas seguintes convocatorias, é dicir, non se lle esixe a ningún usuario que acredite o empadramento no momento da renovación da praza.



A outra familia á que alude na pregunta, a pesar de estar tamén empadroada en Rois, quedou en lista de agarda nesa escola e obtivo praza na escola infantil de Dodro.

O empadroamento é un criterio máis de prioridade para a obtención de praza, xunto a outros en base aos cales se obtén unha puntuación, non un requisito para a obtención da mesma.

O feito ao que alude na pregunta foi un caso illado que se debeu a un problema na xestión do padrón de habitantes, totalmente alleo ao funcionamento das escolas do Consorcio”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 57269
Data envío: 09/10/2019 16:11:35.100

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/10/2019 16:11:17

CSV: BOPGDSPGIBkU7vvdL1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mm

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 51299**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao, sobre **“o obxecto do contrato menor asinado pola Consellería de Política Social o 10 de xuño de 2019 por un importe de 12.236,13 euros e inserido no portal de transparencia”**, (publicada no BOPG número 489 do 20 de xuño de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O obxecto deste contrato menor é a colocación de 505 m2 de tarima flotante de pvc nos pavillóns 6, 7 e 8 do albergue de Gandarío”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 57493
Data envío: 11/10/2019 14:28:45.826

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2019 14:28:38

CSV: BOPGDSPGIBkU7vvdL1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 57203
Data envío: 08/10/2019 19:07:239
Data 08/10/2019 19:07

RS/ml

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 51674** , formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Raúl Fernández Fernández e don José Manuel Pérez Seco, sobre **“a información e as medidas previstas pola Consellería do Medio Rural respecto dos impagamentos e a débeda cos gandeiros galegos dos operadores intermediarios coas empresas transformadoras do leite”**, (publicada no BOPG número 493 , do 26 de xuño de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural** , que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Medio Rural deu cumprida resposta a esta pregunta na pasada Comisión 7ª celebrada o 4 de outubro de 2019, ao contestar o director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias á pregunta 52720, do mesmo grupo parlamentario.

Pode consultarse tal intervención no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-7-agricultura-alimentacion-gandaria-montes-2019-10-04?part=98dbe3a0-1f24-460f-805c-159ce750c5b2&start=129>

Engadir que cando o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación estaba tramitando a modificación do Real Decreto que desenvolve en España a aplicación das medidas do chamado Paquete Lácteo, a Consellería do Medio Rural solicitoulle que se incluíse a constitución dun aval a determinados primeiros compradores, como garantía antes os posibles impagos do leite mercado ós produtores.

Durante esta tramitación, e en consideración a esta petición da Consellería do Medio Rural, o ministerio solicitou os informes correspondentes á Comisión Nacional de Mercados e da Competencia e aos servizos xurídicos do ministerio. En ambos os dous casos os informes





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 57203
Data envío: 08/10/2019 19:07:57.239

resultaron negativos á proposta galega, en base a que a imposición desa garantía interfería no principio de liberdade de mercados.

Os primeiros compradores non vinculados ao sector teñen unha repercusión moderada no mercado galego, as súas compras representan só un 13% no volume de leite vendido polos produtores da comunidade, tendo en conta tamén que esta problemática afecta a aquelas explotacións pequenas e illadas, lonxe, polo tanto, dos circuitos comerciais de asociacións e cooperativas que reciben un maior prezo. A Xunta continuará facendo todo o posible por resolver esta situación e abordar de novo esta cuestión co ministerio.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 57203
Data envío: 08/10/2019 19:07:57.239

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/10/2019 19:07:46

CSV: BOPGDSPGIBkU7vvdL1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RS/mm

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 52521**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Luís Villares Naveira, sobre **“a denegación a un menor con trastornos do espectro autista dunha praza nun campamento de verán e os criterios da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional en relación con eses campamentos”**, (publicada no BOPG número 509 do 22 de xullo de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada polas **Consellerías de Política Social e de Educación, Universidade e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

“Os campamentos de verán que promove a Xunta de Galicia a través da Campaña de verán (cuxas prazas nas diferentes actividades ascenden a preto de 10.000) son actividades plenamente inclusivas que permiten a participación de mozos e mozas con discapacidade en condicións de plena igualdade e sen limitación en función do grao de discapacidade, podendo participar nos campamentos ofertados e contando con atención especializada naqueles casos en que sexa preciso.

Neste sentido, as familias poden pedir calquera praza, sexa na provincia que sexa, a través do sorteo xeral, con independencia de ter unha discapacidade recoñecida ou non os mozos e mozas para os que se solicita o campamento.

A maiores do sorteo xeral, as persoas con discapacidade tamén poden acceder aos campamentos a través das prazas reservadas para inclusión, así como a través dos campamentos específicos que convoca a Dirección xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade.

Por outro lado, nos campamentos que se inclúen dentro da Campaña de verán da Xunta de Galicia, a ratio exixida para o persoal técnico que conforma os equipos nas distintas instalacións é sempre considerablemente superior á mínima exixida na normativa vixente, prevendo ademais, no prego de prescrición técnicas aplicable, a obriga da empresa adxudicataria de atender correctamente aos nenos e nenas con discapacidade e implementar as medidas de inclusión que resulten precisas, entre as que se enumera a de apoio específico de monitor/a cando sexa preciso. E tamén se establece que na composición do equipo mínimo de monitorado se incluírá unha persoa con formación e/ou experiencia en integración da diversidade e discapacidade para garantir unha atención axeitada ás persoas con discapacidade. Ademais, cando se considere preciso, a Consellería de Política Social reforza con persoal de atención a participantes con discapacidade nos casos de maior necesidades de apoio.



Por último, cómpre salientar que a Xunta de Galicia está a avanzar nunha nova normativa de regulación dos servizos á xuventude, que incluírá, entre outros asuntos, unha regulación para as actividades de educación no tempo libre infantil e xuvenil e que establecerá os requisitos que deberán cumprir estas actividades tanto no relativo a persoal técnico, obrigas da persoa responsable, normas de carácter sanitario, seguros, etc.

Por outra banda, indicar que a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional non organiza nin xestiona ningún campamento de verán en ningún centro educativo, polo que calquera actividade que se organice nun centro escolar fóra do horario lectivo é responsabilidade da entidade organizadora.

A utilización das instalacións dos centros públicos por parte de entidades alleas para a organización de actividades fóra do horario lectivo require da autorización da Consellería.

Non é así para os centros privados, como é o caso do centro que menciona a iniciativa, o CPR Galén, onde supostamente un neno autista non foi admitido nun campamento de verán. Nestes casos, a intervención de Educación limítase a comprobar que cumpran cos requisitos de autorización que rexe a normativa canto a espazos e profesorado para impartir clase.

En calquera caso, a Consellería de Educación rexeita calquera tipo de discriminación ou acción que atente contra os dereitos fundamentais das nenas e nenos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 57492
Data envío: 11/10/2019 14:28:33.826

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2019 14:28:26

CSV: BOPGDSPGIBkU7vvdL1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 41866**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a creación da Autoridade Audiovisual e as medidas que prevé adoptar o Goberno galego ao respecto”**, (publicada no BOPG número 405 do 3 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Medios**, que ten o seguinte contido:

“A crise económica na que estivemos inmersos, unida á complexidade dunha entidade destas características así como ao seu custe, foron as circunstancias que dificultaron a materialización da futura Lei da Autoridade Audiovisual de Galicia.

O Goberno galego mantén a súa intención de impulsar a figura da Autoridade Audiovisual. Non obstante, está á espera de coñecer as modificacións que se incorporan na ‘Ley 7/2010, de 31 de marzo, General de Comunicación Audiovisual’, una vez se traspoña a Directiva Europea de Servizos de Comunicación Audiovisual.

En canto entren en vigor os cambios aos que obriga a nova Directiva europea na Lei estatal, a Xunta de Galicia estará en condicións de traballar no proxecto de lei da Autoridade Audiovisual de Galicia.

As funcións de Autoridade Audiovisual establecidas pola ‘Ley General de Comunicación Audiovisual’ son exercidas pola Secretaría Xeral de Medios”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 57067
Data envío: 07/10/2019 14:04:24.016

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/10/2019 14:04:20

CSV: BOPGDSPGIBkU7vvdL1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mm

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 44507**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as demandas que vai realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central en relación co prezo das peaxes nas autoestradas”**, (publicada no BOPG número 423 do 31 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Respecto ás peaxes da AP-9, o 13 de novembro de 2018, no marco da Comisión conxunta da AP-9, a Xunta solicitoulle ao Ministerio de Fomento que analizase as posibilidades de suavizar as subas previstas, a través de fórmulas de flexibilización e un abaratamento dos desprazamentos para os usuarios recorrentes e en horas de menos tráfico. A Xunta comprometeuse a elaborar e remitir unha proposta concreta sobre as posibles medidas.

As autoestradas de titularidade autonómica, A Coruña-Carballo (AG-55) e Puxeiros-Val Miñor (AG-57), cunhas das tarifas máis baixas do Estado, contan, desde o ano 2010, con rebaixas nas súas peaxes para os usuarios habituais.

Ademais destas bonificacións por frecuencia de uso, a Xunta de Galicia vén de aprobar a implantación de bonificacións por treito horario de uso tanto para a AG-57 como para a AG-55. Así, o pasado 1 de outubro entrou en vigor a bonificación do 50% do importe da peaxe cando se realice con cargo a un OBE o pago dun traxecto no treito horario nocturno que comprende desde as 0:00 horas ata as 06:00 horas. Ademais, a Xunta xa ten anunciado a intención de establecer bonificacións das peaxes das autoestradas autonómicas para familias numerosas”.



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 57273
Data envío: 09/10/2019 16:12:02.788

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/10/2019 16:11:59

CSV: BOPGDSPGIBkU7vvdL1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 46797**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea a iniciativa de dona, Paula Vázquez Verao e don Luis Villares Naveira sobre **“a valoración da Xunta de Galicia respecto dos resultados do Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016”**, (publicada no BOPG número 441 do 6 de marzo de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Remitímonos á resposta facilitada pola directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica á pregunta oral en comisión nº 46792 que tivo lugar na sesión da Comisión 5ª do 28 de marzo de 2019, sobre o mesmo tema e formulada polas/os mesmas/os deputadas/as na que indicou que para a Xunta de Galicia a valoración do Plan para a Dinamización Demográfica de Galicia 2013-2016 é positiva. Tamén indicou que o anteproxecto de Lei de Impulso Demográfico vai estar a exposición pública para a presentación de alegacións.

Pode consultarse tal intervención no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-5-sanidade-politica-social-emprego-2019-03-28?part=1503c6a7-60fd-4bd0-9c9f-4314568655a7&start=7621>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2019 13:58:38
Nº Rexistro: 57065
Data envío: 07/10/2019 13:58:38.860

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/10/2019 13:58:34

CSV: BOPGDSPGIBkU7vvdL1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 47522**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao, sobre **“a actuación prevista polo Consorcio de Igualdade e Benestar en relación coa concesión de permisos de conciliación”**, (publicada no BOPG número 446 do 21 de marzo de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar actúa sempre seguindo as instrucións en materia de permisos que aplica tanto a Consellería de Política Social e a Dirección Xeral de Función Pública, en cumprimento do V Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

De todas as solicitudes de conciliación que fixo o persoal do Consorcio e presentadas durante o ano 2018, máis do 93% foron autorizadas directamente en vía administrativa. Nos casos nos que as solicitudes foron denegadas por afectar á prestación do servizo nos centros de traballo, e que acudiron á vía xudicial, o 65% foron resoltas en sentido favorable á administración”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 57542
Data envío: 14/10/2019 15:32:42.118

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/10/2019 15:32:35

CSV: BOPGDSPGIBkU7vvdL1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 49290** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa actual situación demográfica e económica da provincia de Ourense”**, (publicada no BOPG número 470 do 30 de abril de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia é plenamente consciente da situación de devalo demográfico na que está Galicia e precisamente por iso a vén asumindo como unha das súas tarefas fundamentais de goberno.

A xestión do reto demográfico cunha visión sistémica e integral é a filosofía que impregna o Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2015-2020, principal documento de planificación do goberno autonómico, onde se institúe a recuperación demográfica como un principio transversal a todos os seus eixes de actuación.

Así, no ano 2015 púxose en marcha o Programa de Apoio á Natalidade (PAN), un programa global que se estrutura en tres áreas (axudas, conciliación e servizos) e que está pensado para avanzar no obxectivo de crear en Galicia un ambiente social favorable para vivir, para formar unha familia e para que cada quen poida ter os fillos e fillas que desexe.

Tamén se avanzou na consolidación da rede de recursos de conciliación, lográndose por primeira vez en 2016 que todas as persoas demandantes de praza en escolas infantís 0-3 a obtiveran.



Estamos a dotar os concellos de menos de 5.000 habitantes de recursos de conciliación a través do programa de Casas Niño, unha estratexia que permite frear o declive demográfico no rural de Galicia e fixar poboación ao territorio. Hoxe Galicia conta con 61 casas niño, das que 32 están na provincia de Ourense.

Por outra banda, aprobamos a 'Estratexia galega de envellecemento activo desde a innovación 2016-2020', orientada a garantir o benestar e a calidade de vida das persoas a medida que envellecen favorecendo un envellecemento activo e saudable e a vida autónoma. Tamén recentemente, o 'Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021', un firme compromiso coa sociedade galega en prol da igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes a través do reparto equitativo dos traballos e as responsabilidades no ámbito privado e da promoción de máis e mellores medidas e servizos que apoién as familias na atención a menores, a persoas en situación de dependencia e do fomento de novas formas de organización do traballo, de novas modalidades de xestión dos recursos humanos e de novas condicións laborais nas administracións e nas empresas.

Tentamos favorecer a volta a Galicia dos galegos e galegas que emigraron e a dos seus descendentes a través da 'Estratexia Retorna 2020', onde se recolle unha batería de medidas dirixidas a que sintan a súa terra como o lugar onde desenvolver a súa traxectoria persoal e profesional e deseñamos un Plan de fixación de poboación no medio rural, dirixido a impulsar o desenvolvemento equilibrado das economías e comunidades rurais mediante un apoio ás actividades socioeconómicas que permita a creación e conservación do emprego.

Tamén puxemos en marcha o Observatorio Galego de Dinamización Demográfica, un órgano no que participan as diferentes administracións, axentes sociais e económicos, as tres universidades de Galicia e todos os grupos con representación no Parlamento autonómico. Neste momento o Observatorio está a realizar un diagnóstico da situación demográfica e para poñer enriba da mesa propostas de futuro consensuadas. É dicir, con vocación de perdurar no tempo para que sexan realmente efectivas. Aspectos como a conciliación da vida laboral e familiar, a corresponsabilidade, a necesidade de racionalizar os horarios de traballo ou medidas para a revitalización dos núcleos rurais son algúns aspectos que se abordan neste órgano de participación, consultivo e colexiado.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 57205
Data envío: 08/10/2019 19:08:12.879

[Handwritten signature]

As medidas levadas a cabo pola Xunta de Galicia están acompañadas de accións a nivel nacional e supranacional, a abordaxe dos desafíos demográficos precisa de novas ferramentas que residen no plano operativo en mans do Estado e mesmo da Unión Europea en tanto que desenvolven as súas competencias en Galicia.

A acción máis recente na que estamos a traballar e que reflicte a importancia da cuestión demográfica para a Xunta de Galicia co propósito de converter este reto nunha oportunidade de futuro, é o acordo de tramitación da Lei de impulso demográfico de Galicia, unha norma pioneira no contexto español e europeo xa que é a primeira vez que un goberno eleva a rango de lei a xestión do cambio demográfico.

O contido da norma baséase na diagnose e na análise DAFO-CAME recollidas no 'Informe Galicia: Perspectivas demográficas', elaboradas no seo do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica e aprobada por unanimidade do seu pleno.

Responde a unha proposta integral e transversal que ten como finalidade a creación de contornos favorables para que as galegas e galegos poidan levar a cabo o seu proxecto vital e familiar en Galicia e para que outras persoas consideren Galicia un lugar atractivo para establecerse”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021

páxina 3 de 3



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 57205
Data envío: 08/10/2019 19:08:12.879

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/10/2019 19:08:09

CSV: BOPGDSPGIBkU7vvdL1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 49306**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da demora e dos cambios de criterio da Xunta de Galicia respecto da dotación dunha nova residencia para persoas maiores no concello de Pontevedra”**, (publicada no BOPG número 470 do 30 de abril de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Co plan ‘Como na casa’ a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social, vai construír e poñer en funcionamento en Galicia 7 novos centros residenciais para persoas con dependencia.

Isto suporá un total de 900 novas prazas residenciais na nosa comunidade autónoma, xustamente onde a demanda máis o solicita: 150 en Vigo e A Coruña, e 120 en Ourense, Lugo, Santiago, Pontevedra e Ferrol.

Deste xeito o plan ‘Como na casa’ constitúe a resposta da Xunta de Galicia para garantir o avance efectivo na ampliación da cobertura asistencial á poboación galega que se encontra en situación de dependencia.

Así, aumentarase a oferta asistencial pública naqueles lugares nos que se concentra a demanda de prazas, facilitando así que as persoas maiores en situación de dependencia permanezan cerca dos seus fogares e da súa contorna. Unha destas cidades é a de Pontevedra.

En canto á nova residencia de Pontevedra, unha vez facilitada polo Concello a listaxe de parcelas para a súa localización, dende a consellería procedeuse á súa avaliación. A Xunta expresou a súa preferencia pola chamada Unidade 18, entre as rúas Joaquín Costa e 12 de Novembro, e máis pola parcela da Parada, que foi a acordada finalmente tralas conversas coa Administración local.



Prevese iniciar a construción destas novas residencias no 2020 polo que non existe un retraso no caso concreto de Pontevedra”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 57270
Data envío: 09/10/2019 16:11:41.850

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/10/2019 16:11:39

CSV: BOPGDSPGIBkU7vvdL1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 57539

Data envío: 14/10/2019 15:31:58,055

Data 14/10/2019 15:31

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 49565**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego respecto do funcionamento do punto de encontro familiar de Ourense”**, (publicada no BOPG número 474, do 7 de maio de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“En relación co PEF de Ourense, o local no que esta ubicado cumpre os requisitos establecidos na normativa e é, ao igual que o resto de locais dos 6 puntos de encontro familiar da Comunidade Autónoma, un local público con todas as facilidades para realizar os intercambios e encontros coa seguridade e discreción que require o tipo de actividade que desenvolve.

Respecto do persoal, o equipo técnico dos PEF é multidisciplinar. O artigo 16 do Decreto 96/2014 establece que estará composto, como mínimo, por tres profesionais de dúas titulacións diferentes entre as seguintes disciplinas: psicoloxía, pedagogía, psicopedagogía, dereito, traballo social ou educación social, con experiencia ou formación acreditada en igualdade e na atención, intervención e orientación de menores e familias.

Todos os puntos de encontro contan co persoal esixido polo referido decreto, e no caso de Ourense, o equipo técnico esta formado por 3 profesionais que se coordinan permanentemente co resto dos servizos relacionados coa súa actividade. Entre estes servizos ou recursos específicos, atoparíanse tanto os relativos á protección contra a violencia de xénero, como os Xulgados, programas de intervención familiar, servizos sociais comunitarios, Concellos e calquera entidade que realice actuacións nesta materia.

Este punto de encontro conta cun horario de apertura bastante amplo que garante a satisfactoria prestación do servizo e que comprende as seguintes franxas horarias:



Horario:

Mércores: de 10:00 horas a 14:00 horas – de 16:00 horas a 20:00 horas

Xoves: de 10:00 horas a 14:00 horas – de 16:00 horas a 20:00 horas

Venres: de 10:00 horas a 14:00 horas – de 16:00 horas a 20:00 horas

Sábado: de 10:00 horas a 14:00 horas – de 16:00 horas a 20:00 horas

Domingo: de 10:00 horas a 14:00 horas – de 16:00 horas a 20:00 horas

Desde os Puntos de Encontro Familiar, abórdanse de maneira específica as intervencións de mulleres vítimas de violencia de xénero e os seus fillos e fillas.

No PEF de Ourense, como nos outros seis, cóntase cun protocolo en relación ao réxime de visitas establecido xudicialmente, no que as nais acoden ás entregas e recollidas ás horas estipuladas, sendo que o proxenitor se atopa no centro quince minutos antes, e márchase quince minutos despois, para que non se produza un encontro entre as partes.

Sobre a auditoría sobre os PEF, cómpre sinalar que estes centros entran dentro dos recursos a analizar pola función inspectora da Xunta de Galicia, de forma que a Inspección de Servizos Sociais realiza o seu labor sobre cada un dos PEF remitindo informes ao respecto á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica. Hai estipuladas inspeccións ordinarias (mínimo unha ao ano), máis todas aquelas extraordinarias no caso de rexistrarse algún tipo de queixa”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 57539
Data envío: 14/10/2019 15:31:58.055

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/10/2019 15:31:51

CSV: BOPGDSPGIBkU7vvdL1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 49622**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Paula Quinteiro Araújo e don Marcos Cal Ogando, sobre **“a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coas denuncias re feridas á situación do Punto de Encontro Familiar de Ourense”**, (publicada no BOPG número 476 do 14 de maio de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“En relación co PEF de Ourense, o local no que esta ubicado cumpre os requisitos establecidos na normativa e é, ao igual que o resto de locais dos 6 puntos de encontro familiar da Comunidade Autónoma, un local público con todas as facilidades para realizar os intercambios e encontros coa seguridade e discreción que require o tipo de actividade que desenvolve.

Sobre a auditoría do PEF de Ourense, cómpre sinalar que estes centros entran dentro dos recursos a analizar pola función inspectora da Xunta de Galicia, de forma que a Inspección de Servizos Sociais realiza o seu labor sobre cada un dos PEF remitindo informes ao respecto á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica. Hai estipuladas inspeccións ordinarias (mínimo unha ao ano), máis todas aquelas extraordinarias no caso de rexistrarse algún tipo de queixa.

Respecto do persoal, o equipo técnico dos PEF é multidisciplinar. O artigo 16 do Decreto 96/2014 establece que estará composto, como mínimo, por tres profesionais de dúas titulacións diferentes entre as seguintes disciplinas: psicoloxía, pedagogía, psicopedagogía, dereito, traballo social ou educación social, con experiencia ou formación acreditada en igualdade e na atención, intervención e orientación de menores e familias.

Todos os puntos de encontro contan co persoal esixido polo referido decreto, e no caso de Ourense, o equipo técnico esta formado por 3 profesionais que se coordinan permanentemente co resto dos servizos relacionados coa súa actividade. Entre estes servizos ou recursos



específicos, atoparíanse tanto os relativos á protección contra a violencia de xénero, como os Xulgados, programas de intervención familiar, servizos sociais comunitarios, Concellos e calquera entidade que realice actuacións nesta materia.

Desde os Puntos de Encontro Familiar, abórdanse de maneira específica as intervencións de mulleres vítimas de violencia de xénero e os seus fillos e fillas.

No PEF de Ourense, como nos outros seis, cóntase cun protocolo en relación ao réxime de visitas establecido xudicialmente, no que as nais acoden ás entregas e recollidas ás horas estipuladas, sendo que o proxenitor se atopa no centro quince minutos antes, e márchase quince minutos despois, para que non se produza un encontro entre as partes.

Na actualidade estase analizando o incremento do número de PEF, coa finalidade de dar unha cobertura máis ampla a toda a poboación, atendendo ás características de dispersión e núcleos rurais de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 57535
Data envío: 14/10/2019 15:31:17.883

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/10/2019 15:31:04

CSV: BOPGDSPGIBkU7vvdL1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 57204

Data envío: 08/10/2019 19:08:06.254

Data 08/10/2019 19:08

RS/ml

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 51673**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Raúl Fernández Fernández e don José Manuel Pérez Seco, sobre **“as medidas previstas polo Goberno galego para evitar os impagamentos aos gandeiros galegos dos operadores intermediarios coas empresas transformadoras do leite”**, (publicada no BOPG número 493, do 26 de xuño de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Medio Rural deu cumprida resposta a esta pregunta na pasada Comisión 7ª celebrada o 4 de outubro de 2019, ao contestar o director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias á pregunta 52720, do mesmo grupo parlamentario.

Pode consultarse tal intervención no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-7-agricultura-alimentacion-gandaria-montes-2019-10-04?part=98dbe3a0-1f24-460f-805c-159ce750c5b2&start=129>

Engadir que cando o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación estaba tramitando a modificación do Real Decreto que desenvolve en España a aplicación das medidas do chamado Paquete Lácteo, a Consellería do Medio Rural solicitoulle que se incluíse a constitución dun aval a determinados primeiros compradores, como garantía antes os posibles impagos do leite mercado ós produtores.



Xacobeo 2021

Páxina 1 de 2

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
08/10/2019 19:08:03

181615

CSV: BOPGDSPGIBkU7vvdL1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 57204
Data envío: 08/10/2019 19:08:06.254

Durante esta tramitación, e en consideración a esta petición da Consellería do Medio Rural, o ministerio solicitou os informes correspondentes á Comisión Nacional de Mercados e da Competencia e aos servizos xurídicos do ministerio. En ambos os dous casos os informes resultaron negativos á proposta galega, en base a que a imposición desa garantía interfería no principio de liberdade de mercados.

Os primeiros compradores non vinculados ao sector teñen unha repercusión moderada no mercado galego, as súas compras representan só un 13% no volume de leite vendido polos produtores da comunidade, tendo en conta tamén que esta problemática afecta a aquelas explotacións pequenas e illadas, lonxe, polo tanto, dos circuítos comerciais de asociacións e cooperativas que reciben un maior prezo. A Xunta continuará facendo todo o posible por resolver esta situación e abordar de novo esta cuestión co ministerio.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 57204
Data envío: 08/10/2019 19:08:06.254

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/10/2019 19:08:03

CSV: BOPGDSPGIBkU7vvdL1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 42669**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas previstas pola Xunta de Galiza para o abaratamento das peaxes nas autoestradas de titularidade autonómica”**, (publicada no BOPG número 414 do 18 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia non ten constancia de ningunha proposta oficial nin concreta por parte do Ministerio de Fomento ao respecto do primeiro asunto que refire esta iniciativa.

Por outra banda, cómpre sinalar que o 13 de novembro de 2018, no marco da Comisión conxunta da AP-9, a Xunta solicitoulle ao Ministerio de Fomento que analice as posibilidades de suavizar o impacto das peaxes, a través de fórmulas de flexibilización e un abaratamento dos desprazamentos para os usuarios recorrentes e en horas de menos tráfico. A Xunta comprometeuse a elaborar e remitir unha proposta concreta sobre estas posibles medidas.

Cómpre destacar, ademais, o esforzo que vén realizando a Xunta desde 2009 para incrementar e estender a rede autonómica de vías de altas prestacións, coa posta en servizo, desde esa data, de máis de 200 novos quilómetros de vías de altas prestacións libres de peaxe.

En canto ás peaxes das autoestradas de titularidade autonómica, destacar que a autoestrada AG-57 ten unha das tarifas máis baixas do Estado. Tanto esta autoestrada como a AG-55 contan, desde o ano 2010, con descontos para itinerarios recorrentes nun mesmo día.

Ademais destas bonificacións por frecuencia de uso, a Xunta de Galicia vén de aprobar a implantación de bonificacións por treito horario de uso tanto para a AG-57 como para a AG-55. Así, o pasado 1 de outubro entrou en vigor a bonificación do 50% do importe da peaxe vixente cando se realice con cargo a un OBE o pago dun traxecto no treito horario nocturno que



comprende desde as 0:00 horas ata as 06:00 horas. Ademais, a Xunta xa ten anunciado a intención de establecer bonificacións das peaxes das autoestradas autonómicas para familias numerosas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 57275
Data envío: 09/10/2019 16:12:17.038

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/10/2019 16:12:13

CSV: BOPGDSPGIBkU7vvdL1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mm

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 44506**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“Sobre as demandas que vai realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central e as actuacións que vai levar a cabo en relación co prezo das peaxes nas autoestradas”**, (publicada no BOPG número 422 do 30 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Respecto ás peaxes da AP-9, o 13 de novembro de 2018, no marco da Comisión conxunta da AP-9, a Xunta solicitoulle ao Ministerio de Fomento que analizase as posibilidades de suavizar as subas previstas, a través de fórmulas de flexibilización e un abaratamento dos desprazamentos para os usuarios recorrentes e en horas de menos tráfico. A Xunta comprometeuse a elaborar e remitir unha proposta concreta sobre as posibles medidas.

As autoestradas de titularidade autonómica, A Coruña-Carballo (AG-55) e Puxeiros-Val Miñor (AG-57), cunhas das tarifas máis baixas do Estado, contan, desde o ano 2010, con rebaixas nas súas peaxes para os usuarios habituais.

Ademais destas bonificacións por frecuencia de uso, a Xunta de Galicia vén de aprobar a implantación de bonificacións por treito horario de uso tanto para a AG-57 como para a AG-55. Así, o pasado 1 de outubro entrou en vigor a bonificación do 50% do importe da peaxe cando se realice con cargo a un OBE o pago dun traxecto no treito horario nocturno que comprende desde as 0:00 horas ata as 06:00 horas. Ademais, a Xunta xa ten anunciado a intención de establecer bonificacións das peaxes das autoestradas autonómicas para familias numerosas”.



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 57274
Data envío: 09/10/2019 16:12:09.882

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/10/2019 16:12:06

CSV: BOPGDSPGIBkU7vvdL1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 49289** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a avaliación e as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa actual situación demográfica da provincia de Ourense, así como o seu desenvolvemento industrial e económico”**, (publicada no BOPG número 470 do 30 de abril de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia é plenamente consciente da situación de devalo demográfico na que está Galicia e precisamente por iso a vén asumindo como unha das súas tarefas fundamentais de goberno.

A xestión do reto demográfico cunha visión sistémica e integral é a filosofía que impregna o Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2015-2020, principal documento de planificación do goberno autonómico, onde se institúe a recuperación demográfica como un principio transversal a todos os seus eixes de actuación.

Así, no ano 2015 púxose en marcha o Programa de Apoio á Natalidade (PAN), un programa global que se estrutura en tres áreas (axudas, conciliación e servizos) e que está pensado para avanzar no obxectivo de crear en Galicia un ambiente social favorable para vivir, para formar unha familia e para que cada quen poida ter os fillos e fillas que desexe.

Tamén se avanzou na consolidación da rede de recursos de conciliación, lográndose por primeira vez en 2016 que todas as persoas demandantes de praza en escolas infantís 0-3 a obtiveran.



Estamos a dotar os concellos de menos de 5.000 habitantes de recursos de conciliación a través do programa de Casas Niño, unha estratexia que permite frear o declive demográfico no rural de Galicia e fixar poboación ao territorio. Hoxe Galicia conta con 61 casas niño, das que 32 están na provincia de Ourense.

Por outra banda, aprobamos a 'Estratexia galega de envellecemento activo desde a innovación 2016-2020', orientada a garantir o benestar e a calidade de vida das persoas a medida que envellecen favorecendo un envellecemento activo e saudable e a vida autónoma. Tamén recentemente, o 'Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021', un firme compromiso coa sociedade galega en prol da igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes a través do reparto equitativo dos traballos e as responsabilidades no ámbito privado e da promoción de máis e mellores medidas e servizos que apoién as familias na atención a menores, a persoas en situación de dependencia e do fomento de novas formas de organización do traballo, de novas modalidades de xestión dos recursos humanos e de novas condicións laborais nas administracións e nas empresas.

Tentamos favorecer a volta a Galicia dos galegos e galegas que emigraron e a dos seus descendentes a través da 'Estratexia Retorna 2020', onde se recolle unha batería de medidas dirixidas a que sintan a súa terra como o lugar onde desenvolver a súa traxectoria persoal e profesional e deseñamos un Plan de fixación de poboación no medio rural, dirixido a impulsar o desenvolvemento equilibrado das economías e comunidades rurais mediante un apoio ás actividades socioeconómicas que permita a creación e conservación do emprego.

Tamén puxemos en marcha o Observatorio Galego de Dinamización Demográfica, un órgano no que participan as diferentes administracións, axentes sociais e económicos, as tres universidades de Galicia e todos os grupos con representación no Parlamento autonómico. Neste momento o Observatorio está a realizar un diagnóstico da situación demográfica e para poñer enriba da mesa propostas de futuro consensuadas. É dicir, con vocación de perdurar no tempo para que sexan realmente efectivas. Aspectos como a conciliación da vida laboral e familiar, a corresponsabilidade, a necesidade de racionalizar os horarios de traballo ou medidas para a revitalización dos núcleos rurais son algúns aspectos que se abordan neste órgano de participación, consultivo e colexiado.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 57206
Data envío: 08/10/2019 19:08:19.661

[Handwritten signature]

As medidas levadas a cabo pola Xunta de Galicia están acompañadas de accións a nivel nacional e supranacional, a abordaxe dos desafíos demográficos precisa de novas ferramentas que residen no plano operativo en mans do Estado e mesmo da Unión Europea en tanto que desenvolven as súas competencias en Galicia.

A acción máis recente na que estamos a traballar e que reflicte a importancia da cuestión demográfica para a Xunta de Galicia co propósito de converter este reto nunha oportunidade de futuro, é o acordo de tramitación da Lei de impulso demográfico de Galicia, unha norma pioneira no contexto español e europeo xa que é a primeira vez que un goberno eleva a rango de lei a xestión do cambio demográfico.

O contido da norma baséase na diagnose e na análise DAFO-CAME recollidas no 'Informe Galicia: Perspectivas demográficas', elaboradas no seo do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica e aprobada por unanimidade do seu pleno.

Responde a unha proposta integral e transversal que ten como finalidade a creación de contornos favorables para que as galegas e galegos poidan levar a cabo o seu proxecto vital e familiar en Galicia e para que outras persoas consideren Galicia un lugar atractivo para establecerse”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021

páxina 3 de 3



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 57206
Data envío: 08/10/2019 19:08:19.661

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/10/2019 19:08:16

CSV: BOPGDSPGIBkU7vvdL1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 57538

Data envío: 14/10/2019 15:31:48.133

Data 14/10/2019 15:31

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 49602**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e don Abel Fermín Losada Álvarez,, sobre **“a actividade desenvolvida polo Observatorio do Solo Empresarial, a súa avaliación respecto das necesidades do sector e as propostas de actuación elaboradas nos distintos parques empresariais de Galicia, así como a publicación dos seus informes periódicos e os datos referidos á iniciativa denominada Concellos Doing Business Galicia”**, (publicada no BOPG número 476, do 14 de maio de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

Esta pregunta foi atendida na intervención do conselleiro de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da interpelación 49605 que tivo lugar na sesión plenaria do 8 de outubro de 2019.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-10-08?part=68cf0547-bfc2-4b31-82cb-be1415efdea6&start=112>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 57538
Data envío: 14/10/2019 15:31:48.133

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/10/2019 15:31:41

CSV: BOPGDSPGIBkU7vvdL1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 45806**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao, dona Eva Solla Fernández e don Luís Villares Naveira, sobre **“as actuacións previstas pola Xunta de Galicia respecto das deficiencias e carencias denunciadas polo persoal do PAC e Centro de Saúde de Chantada en relación co material sanitario, o equipamento e as instalacións do centro”**, (publicada no BOPG número 435, do 21 de febreiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Non consta un empeoramento da calidade do material sanitario subministrado. A maioría do mesmo adxudicase mediante procedementos públicos de licitación nos que se fai unha análise rigorosa dos materiais, e das súas características que deben cumprir unhas especificacións técnicas rigorosas. Unha vez adxudicado e subministrado aos centros de saúde pode producirse que algúns traballadores estean máis acostumados a traballar con outro material e exista unha resistencia inicial. Tamén pode acontecer que haxa material defectuoso por algún erro nos procedementos de fabricación nalgún lote concreto ou que non se axeite a todos os usos. Para informar destas incidencias cos produtos subministrados existen distintas canles de comunicación para solucionar os posibles defectos no material ou na formación do persoal que o deba usar.

Como sempre continuaremos solucionando as deficiencias que sexan reais e xustificadas previa comunicación dos traballadores polas vías establecidas. Estes canles están en funcionamento continuo e son o único xeito de solucionar deficiencias e problemas tanto de materiais como de mantemento ou informáticos...etc.

Cabe destacar que o centro de saúde de Chantada dispón para o subministro de material de sistemas modernos de aprovisionamento como o Kanban ou dobre caixón de probada eficacia para sustentar o reaprovisionamento dos centros e que supón unha menor dedicación de tempo por parte do persoal sanitario ás tarefas que teñen que ver coa loxística.



En canto ó subministro de certos produtos novos non incluídos no catálogo do centro existe un procedemento para a súa inclusión que pasa por un informe motivado do solicitante e unha análise por parte dos responsables do centro e da Comisión de Compras da EOXI que finalmente deciden a incorporación ou non destes novos produtos ao catálogo de cada centro de saúde.

O procedemento para o aprovisionamento dos centros de saúde e Pacs está perfectamente regulado e comunicado aos centros. O aprovisionamento realízase cunha periodicidade quincenal e en caso de urxencia e emerxencia debidamente xustificadas faise de xeito inmediato. A comunicación dos centros cos servizos de subministracións é fluída e diaria polo que non se detectan problemas de aprovisionamento.

En canto ao subministro de material inventariable ou equipamento existe un procedemento regrado para a solicitude de material e outro equipamento non funxible perfectamente coñecido polos responsables dos centros.

Así mesmo existen servizos técnicos de mantemento e electromedicina para a solución de avarías e outras deficiencias estruturais que tamén se coñecen polo persoal responsable dos centros”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2019 12:25:55
Nº Rexistro: 56275
Data envío: 24/09/2019 12:25:55.472

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2019 12:25:51

CSV: BOPGDSPGIBkU7vvdL1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 57545

Data envío: 14/10/2019 15:33:13.305

Data 14/10/2019 15:33

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 46674**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e don Luís Villares Naveira, sobre **“a opinión da Xunta de Galicia respecto da xestión levada a cabo no centro de Monteledo por parte da entidade adxudicataria do concurso para a prestación da atención residencial e da intervención educativa integral e terapéutica con menores que teñen que cumprir medidas xudiciais, así como as súas previsións respecto da asunción da xestión directa destes centros”**, (publicada no BOPG número 437, do 27 de febreiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“No DOG nº10, do 15 de xaneiro de 2019, publicouse a resolución do 28 de decembro de 2018 pola que se convoca o procedemento de selección de entidade privada sen ánimo de lucro para a atención residencial e a intervención educativa integral e terapéutica con menores que teñen que cumprir medidas xudiciais privativas de liberdade previstas na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores nos centros para o cumprimento de medidas xudiciais privativas de liberdade do complexo Montealegre (Ourense). O procedemento para a selección da entidade seleccionada levouse a cabo con estrita observancia do establecido no Anexo I da dita resolución.

O día 1 de abril de 2019 a consellería de Política Social e a Fundación Diagrama asinaron o convenio de colaboración para a atención residencial e a intervención educativa integral e terapéutica con menores que teñen que cumprir medidas xudiciais privativas de liberdade previstas na Lei orgánica 5/2000, de 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores nos centros para o cumprimento de medidas xudiciais privativas de liberdade do complexo Montealegre (Ourense). A selección dunha única entidade permite establecer unha eficaz coordinación de cara ao establecemento dun protocolo de intervención clínica uniforme tanto no centro Montefiz como na unidade terapéutica de Monteledo.

Dende a data de sinatura do convenio se conta no Centro Monteledo cunha unidade terapéutica constituída por 12 prazas, de acordo co establecido no artigo 15 do Decreto 329/2005, do 28 de xullo, que regula os centros de menores e os centros de atención á infancia. Esta unidade atende as



medidas de internamento terapéutico en réxime pechado, semiaberto e aberto. As diferencias existentes entre os rexímenes de internamento veñen determinadas polas actividades que poden desenvolver fóra do centro segundo o grao de restrición de liberdade que o réxime implique. O réxime disciplinario aplicable a todos eles ven establecido no Real Decreto 1774/2004, do 30 de xullo, polo que se aproba o regulamento da LORPM.

A intervención que se leva a cabo con estes menores atende á especificidade do internamento de que se trata, contando para elo co labor desempeñado polo equipo clínico do centro (psicólogo e psiquiatra) que aborda a dimensión clínica da alteración psíquica ou dependencia que presenta. Os menores que cumpren medidas de internamento terapéutico conviven nun módulo ou fogar específico, sen menores de réxime ordinario. Excepcionalmente, só cando o contido do taller ou actividade impartido polo persoal do centro así o require, participan menores de réxime ordinario e terapéutico nesa actividade ou taller. Porén, comparten aulas e talleres prelaborais que imparten profesores externos o que actúa como un elemento de normalización e integración daqueles menores suxeitos a internamento terapéutico.

A existencia deste módulo específico permite unha intervención educativa de calidade que atende ás especificidades do colectivo obxecto de intervención terapéutica sen que elo implique merma algunha dos seus dereitos con respecto á atención que se dispensa no centro de atención específica Montefiz.

Con todo, cómpre destacar que esta organización dos recursos foi consultada cos Fiscais e Xuíces de menores, contando coa súa aceptación.

Por outra banda indicar que o réxime de realización de actividades fóra do centro ven determinado polo réxime de internamento imposto. A meirande parte das medidas que se executan no centro son de réxime semiaberto. O cumprimento de medidas de réxime aberto ten carácter excepcional.

No caso das medidas de semiaberto as persoas sometidas a esta medida poderán realizar fóra do centro algunha ou algunha das actividades formativas, educativas, laborais e de ocio establecidas no seu programa individualizado de execución de medida. A realización de actividades fóra do centro, ven condicionada á evolución da persoa menor e o cumprimento dos obxectivos previstos. Por tanto, son as propias circunstancias do menor e a súa evolución e non outras continxencias, as que determinan a realización ou non de actividades fóra do centro.

Noutra orde de cousas e en relación coas obrigas recollidas no convenio asinado coa entidade conveniada, esta debe garantir en todo momento en relación co persoal educador o cumprimento da ratio establecida no Decreto 329/2005, de 28 de xullo polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 57545
Data envío: 14/10/2019 15:33:13.305



A existencia de persoal educativo en plantilla en número que garanta 64.750 horas anuais de traballo permite asegurar en todo momento en relación co persoal educador o cumprimento da ratio establecida no Decreto 329/2005, mesmo no periodo vacacional, tendo en conta en relación co disfrute das vacacións as previsións establecidas nos convenios que resulten de aplicación. En calquera caso as baixas se cubren todas, salvo aquelas na que a súa escasa duración non permite a súa cobertura, previa realización dos trámites legais esixidos.

En relación co resto do persoal para o que non exista ratio establecida en virtude de disposición legal, o convenio sinala que a entidade debe efectuar ao seu cargo no prazo máis breve posible as substitucións necesarias de forma que a atención residencial e a intervención educativa integral e terapéutica quede sempre asegurada. A este respecto sinalar que a entidade pública supervisará de forma exhaustiva o cumprimento da cláusula establecida no convenio.

Polo que respecta ao traslado dos menores en vehículos propiedade da entidade colaboradora que puideran permitir identificar aos mesmos como persoas menores suxeitas ao cumprimento de medidas xudiciais, a fundación informa á entidade pública que actualmente o centro dispón de tres vehículos sin que ningún deles leve un anagrama da entidade.

Por outra banda sinálase na dita pregunta a situación de fame pola que pasan os menores do centro Monteledo. A este respecto indicar que os menús que se subministran aos menores diariamente son obxecto de supervisión e visado por parte dunha profesional farmacéutica especialista en nutrición e dietética para asegurar que o centro dispón dun réxime dietético de alimentación equilibrado e variado, acorde coas necesidades enerxéticas das persoas menores, que conta con catro inxestas. Esta entidade publica non ten coñecemento que esta situación dese lugar á incoación dun expediente por parte da Fiscalía, tal e como se sinala de forma contradictoria nesta pregunta".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 57545
Data envío: 14/10/2019 15:33:13.305

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/10/2019 15:33:07

CSV: BOPGDSPGIBkU7vvdL1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
